

A FILOSOFÍA MODERNA

No século XVII, as seguridades antigas, como o xeocentrismo, o aristotelismo ou o tomismo, ensinábanse aínda nas universidades, pero estas xa non constituían a vangarda do coñecemento, senón un museo dos vellos e cuestionados saberes. Os intelectuais inquietos vivían unha situación de confusión e malestar, debidos fundamentalmente a:

-A revolución científica, que golpeara en tres ámbitos diferentes o orgullo intelectual humano: en Astronomía negábase o xeocentrismo e rexeitábase a antiga sabedoría que sostiña o carácter circular das órbitas planetarias; en Física discutíase todo o que dictaban o sentido común e a milenaria física de Aristóteles...e no ámbito da metodoloxía, os métodos escolásticos, tan apreciados nas universidades, considerábanse xa ineficaces para acadar un coñecemento verdadeiro.

-A destrución da unidade relixiosa, seguindo coa perda de valores relixiosos durante o Renacemento, e o fracaso a atender as demandas de reformas dentro da Igrexa, conduciron á división da Europa cristiá occidental en tres grandes igrexas: católica, protestante e anglicana. As problemáticas relacións entre elas levaron mesmo á guerra (Guerra dos Trinta Anos, entre católicos e protestantes).

Esta profunda crise amosaba que a sabedoría humana era moi difícil de alcanzar e que a posibilidade de erro era inherente á actividade humana. Por fortuna, a revolución científica constituía unha luz, un éxito. Tiña moitos opositores e recibira diferentes condenas en Italia, pero algúns brillantes pensadores intuiron a súa forza e quedaron fascinados pola súa capacidade demostrativa.

Así, en Francia, Holanda e Inglaterra, diferentes intelectuais con interese científico iniciaron unha nova filosofía que tiña en conta o método e os descubrimentos da nova ciencia.

A filosofía moderna pretendía levar a cabo investigacións que, tal como ocorría coas da ciencia, abandonaran o terreno da controversia e emprenderan un camiño seguro e progresivo. A filosofía quería alcanzar a seguridade matemática...incluso se chegou a falar matematicamente de cuestións éticas. Foi tarefa dos filósofos entusiastas da nova ciencia crear unha filosofía que lle proporcionase a esta ciencia garantía e fundamentación.

O **racionalismo**, iniciado polo francés Descartes, e o **empirismo**, iniciado polo inglés Hobbes, foron as dúas correntes filosóficas que intentaron acadar os anteriores obxectivos.

As dúas correntes concedíanlles importancia ao método matemático e á observación, ao papel da razón e ao papel da experiencia. Agora ben, para os racionalistas, a última palabra tiña sempre a razón, para os empiristas, en cambio, a experiencia.

As principais características do racionalismo son:

***Autosuficiencia da razón.** Esta é considerada fonte fundamental de todo coñecemento (todo o que pertence á experiencia dos sentidos queda nun segundo plano. Atribúeselle un grande poder á racionalidade humana: considerase que pode chegar a resolver calquera cuestión, por complexa que sexa.

***Sistema deductivo matemático como fundamento e modelo de saber.** Búscanse proposicións indubidables, como son as da matemática (Mesmo se intenta aplicar o modelo matemático na filosofía; e é que, como a física progresou tanto ao lle aplicar este método, agárdase que suceda o mesmo coa filosofía.)

Despois desta **contextualización** filosófica, centrámonos na figura de René Descartes, que nace en La Haya, Francia, en 1596. Pertencente a unha familia da pequena nobreza, estudou no prestixioso colexio de La Flèche, dirixido por xesuítas. Alí recibiu unha educación en ciencias e letras segundo os principios da filosofía escolástica. Con vinte anos empezou a carreira militar, chegando a participar na guerra dos Trinta Anos, e a combater en Bohemia e Hungría. Ao abandonar a vida militar, trasládase a París, onde escribe as *Regras para a dirección do espírito*, posteriormente a Holanda, onde chegou a residir vinte anos, fuxindo dos posibles riscos da persecución ideolóxica (condena de Galileo).

Xa cumpridos os corenta anos, publica tres ensaios científicos precedidos polo *Discurso do método*, onde expón a teoría sobre o camiño para acadar o coñecemento, e un primeiro esbozo dos coñecementos filosóficos que este método lle permitiu alcanzar (metafísica).

A expresión máis completa do pensamento de Descartes está nas *Meditacións metafísicas*, publicada coas obxeccións de importantes figuras (Gassendi, Hobbes...) contestadas polo propio filósofo.

Nunca casou pero tivo unha filla que morreu aos cinco anos, causándolle, según decía, a pena máis grande da súa vida. Finalmente se trasladou a Suecia, tras manter durante anos correspondencia coa raíña Cristina, para lle dar clases, e morre de pulmonía en 1650. Os seus libros estiveron prohibidos durante un tempo, polas acusacións de atacar á escolástica e, así, fomentar o ateísmo,

A súa gran contribución matemática foi a invención da **xeometría analítica** (as famosas coordenadas cartesianas...). A súa filosofía foi creada estreitamente vinculada á ciencia, unha nova filosofía inspiradora de filósofos posteriores mesmo polos seus erros.

O tema principal do proxecto cartesiano foi o do **método**.

Para Descartes, a ciencia ten un método que lle permite a seguridade no coñecemento, pero a filosofía carece dun método adecuado. Propón o método usado polos xeómetras, que xa probara el mesmo. Así, **introduce o método matemático na filosofía**, para dotar á razón humana dun criterio de verdade definitivo e inapelable.

Galileo xa establecera a necesidade de matematizar os datos da observación. De acordo con el, Descartes ve na matemática a ciencia que pon orde no caos dos datos que nos proporciona a experiencia. Ambos participan da veneración que Platón tiña polas matemáticas.

A confianza de Descartes no método baséase non só na precisión e exactitude do mesmo, senón tamén na plena confianza coa que concibe a razón humana como capaz de formular as cuestións máis complexas e dalles resposta.

No **Discurso do método**, establece as catro regras do seu método: a da **evidencia** (intuición), a da **análise**, a da **síntese** e a da **enumeración**.

*Chégase á evidencia dunha cousa non porque nola expliquen nin porque a deduzamos, senón por unha intuición. É evidente todo o que vemos por **intuición**. Intuir é a comprensión directa e inmediata dunha verdade. (Por exemplo “unha diagonal divide un cadrado en dous triángulos rectángulos”, ou “un corpo esférico só ten unha superficie”)

*Analizar consiste en desglosar un problema nas súas partes máis simples, presentando así os elementos que o componen.

*Sintetizar é recoller eses elementos obtidos na fase anterior e poñelos en orde, como quen compón un puzzle. Nesa orde establece relación de causa-efecto, o que permite remontarse á orixe do problema para poder atopar finalmente unha solución.

*A regra da enumeración propón facer recontos do proceso anterior, para percorrer nunha soa mirada todos os elementos manexados (como cando repasas un exame antes de entregalo.)

No pensamento de Descartes xoga un papel fundamental a dúbida, unha **dúbida metódica** que é condición necesaria para iniciar o camiño na procura da verdade (¿cómo vas descubrir a verdade se cres as explicacións que che dan ou te fías das apariencias?...). Esta dúbida universal e metódica fundamentase nas razóns seguintes:

-A incerteza dos datos sensoriais. Guiados polos sentidos, durante milleiros de anos os homes afirmaban que a Terra inmóvil era o centro do universo. Os sentidos enganáronnos moitas veces, por esa razón Descartes dubida de todos os datos obtidos por esta fonte, considerándoos confusos e incertos: a partir deles, é dubidoso todo razoamento que os tome como punto de partida.

-Os erros do razoamento. O ser humano cométeos frecuentemente. Unha parte do saber escolástico tradicional fundamentábase na razón e o seu poder discursivo, pero na época de Descartes este saber volvérase confuso e incerto, polo que considera válido dubidar de todo razoamento que se tivese por demostrativo.

-Dificultade para distinguir o soño da vixilia. Segundo Descartes existe a posibilidade de que todos os pensamentos do estado de vixilia sexan en realidade soños que non recoñezamos como tales. (Este é un tema recorrente do Barroco, por exmplo na obra La vida es sueño, de Calderón de la Barca)

-A hipótese do xenio maligno (ou burlador). Mesmo na Matemática admite que houbo erros, polo que aventura a posibilidade da existencia dun xenio maligno, ou burlador, que conduce a considerar evidentes cousas que non son.

Así, pois, nada escapa á dúbida metódica de Descartes. Pero esta non é escéptica, senón un paso que se da coa esperanza de encontrar despóis unha verdade indubitable. É unha dúbida que se autosupera: cando dubido, isto implica a existencia dun ser que pensa. **Penso, logo existo (cogito ergo sum)**, é a primeira verdade incuestionable á que accede Descartes. É unha intuición: absolutamente nada permite dubidar dela, é evidente “ clara e distinta”. Por iso converteuse nun principio modélico, xa que todo o que sexa claro e distinto como este principio será considerado verdade.

Na ulterior aplicación do seu método, Descartes desenvolveu estudos de física, fisioloxía, matemáticas...e tamén de **Metafísica**. Nela establece a existencia de tres sustancias.

A dúbida metódica e univeral levounos a unha realidade incuestionable, a existencia dun eu pensante, é dicir, unha **sustancia** que pensa, unha **res cogitans**, un **alma**. Podo dubidar de todo agás da miña subxectividde...pero que é a subxectividade?
É o conxunto de pensamentos, ideas, representacións...que flúen no meu eu. Descartes estuda e clasifica eses contidos, ordeándolos nestes tipos:

***IDEAS ADVENTICIAS**, ou adquiridas. Son as que proveñen de fora, da experiencia sensible, da miña percepción do mundo ou da ensinanza. Fácilmente poden resultar erróneas.

***IDEAS FACTICIAS** ou artificiais. Son as ideas que inventamos ou fabricamos arbitrariamente nós mesmos. (Por exemplo, a idea de unicornio, que é ilusoria.)

***IDEAS INNATAS**, ou naturais. Non proceden da percepción de obxectos exteriores nin foron construídas por nós, senón que emerxen da propia facultade de pensar. A nosa mente as capta e ten que aceptar necesariamente sen modificar nada: veñen dadas. (Por exemplo, a idea de Deus, causa, sustancia, número, etc)

A partir da idea de Deus, innata no suxeito pensante, Descartes vai deducir a sustancia divina -**Deus** - ou **res infinita**. Trátase dunha idea privilexiada por conter a esixencia da perfección, cousa que sería imposible para un ser que erra, que non é perfecto: só un ser realmente perfecto pode ser responsable de ter posto a idea en nós.

Esta é a clave da demostración cartesiana da existencia de deus, incorporando o antigo **argumento ontolóxico** de Santo Anselmo (s. X). Para Descartes, as ideas son inseparables das súas propiedades (por exemplo, que a suma dos ángulos sexa 180°, na idea de triángulo), a esencia de deus é inseparable da súa gran propiedade, a existencia. A este ser perfecto non lle pode faltar unha perfección como é a existencia.

Ata aquí, a dúbida permitiulle a Descartes afirmar a existencia dunha primeira sustancia, o eu pensante. Pola súa parte, o eu pensante descobre unha segunda sustancia, Deus: como este ser ten todas as perfeccións, tamén a da veracidade. Pero... e o mundo exterior, o meu propio corpo? O que él chamou **res extensa** (mundo, corpos, materia).

Segundo Descartes, se teño unha idea clara e distinta do meu corpo, e Deus é un ser perfecto e veraz...este Deus, que me creou racional, non pode permitir que me engane cando fago uso adecuado da miña razón. Por tanto, a bondade de Deus garánteme que a inclinación humana natural a crer na existencia das cousas extensas non é enganadora. A materia constitúe a terceira sustancia da metafísica cartesiana. O seu funcionamento é como o da unha máquina, un reloxo cuxas pezas de moven de xeito predefinido. Daquela, se son sustancias independentes, como se relaciona no ser humano o seu pensamento (vontade de pasear) co seu corpo (acción de camiñar). Este foi un dos problemas fundamentais da metafísica cartesiana, e resolveuno postulando a existencia dunha glándula, chamada por el “**glándula pineal**”, situada no medio do cerebro, onde se atopa a alma: desde alí conectaría co corpo e dirixiría os movementos deste. Trátase dunha antropoloxía claramente dualista, e unha visión mecanicista do mundo físico; con todo, Descartes logra defender a liberdade propia do home (causada pola alma, pero non polo corpo).

A modo de **epílogo**, compre dicir que Descartes foi o valente innovador que, partindo das novas conquistas científicas, restableceu a **confianza** nas capacidades humanas de coñecemento, e que, por outra banda, construíu un sistema filosófico con base na metafísica que exerceu unha grande influencia histórica. Esa convicción nas capacidades da **razón** perdura durante toda a Modernidade e chega ata os nosos días.

Certamente, os pensadores **empiristas** remarcarán o peso da experiencia no proceso de coñecemento, pero a finais do século XVIII, Kant creará un gran sistema que equilibrará tanto o peso da razón como o da experiencia. Na actualidade, a esixencia de racionalidade persiste, non só no campo das ciencias naturais e sociais, senón tamén na toma de decisións económicas e políticas. Tamén a necesidade dun método, a conveniencia de ter unha programación previa do que se vai abordar, forma parte do legado cartesiano.